

A NOSA TRADICIÓN ORAL 20

O REGUEIRO DA PRESA



**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_TrOr\_0049\_027\_en\_0\_39\_50\_id689\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_TrOr\_0049\_027\_en\_0\_39\_50\_id689.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Etnográfico xeral

**MATERIAL DISPOÑIBLE**

Audio mp3, transcripción e comentarios

**DATA DE RECOLLIDA:** 1994-1995

**LOCALIZACIÓN:**

**Concello:** Tui  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

**INFORMANTE:**

**Nome:** Rodríguez Besteiro, Ofelia  
**Idade no momento da recolla:** 45 anos  
**Lugar e data de nacemento:** ca. 1949

**RECOLLEDOR:** Iván (I.F.P. Francisco Sánchez, Tui)

**COMPILADOR:** López González, Xosé (profesor)

**COLECCIÓN:** A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

## NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

**Outra transcripción dispoñible en:** Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme (1996). *Guía Didáctica A Nosa Tradición Oral*. Museo do Pobo Galego; páx. 39. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

**TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez

**Clasificación:** Lendas de mouros

## PALABRAS CHAVE

lenda, mouros, Regueiro da Presa, tesouros

## TRANSCRICIÓN



Tamén a [I]solina, a túa abuela, (...) contaba ás noites que alá na Presa, no monte da Presa, sentían unha voz, os bisabuelos dela xa, que o comentaban meus pais; que sentían unha voz dicindo: -"¡Sacaime d'aquí! ¡Sacaime d'aquí!". E nadie lle facía caso.

Nunha noite sintiron un estampido forte, e que era, que dice que saliu unha..., que era un... un tesouro, o sea, unha mina de ouro ou un polvo ou algo, ouro en polvo. E foi, fixo un regheiro ghrande, e no outro día foron mirar, e dice que era aquel monte, que había un enorme buraco, grande, que salira dalí o tesouro e fora ó río, fora ó río.

(...)

Os tesouros naquel tempo dice que iban ó río; e aquela voz escuitábase tódalas noites, que o quitaran dalí, nadie lle fixo caso e marchou ó río. Tanto é, que o regheiro da Presa, dice que foi feito do tal tesouro que saliu daquel monte, porque por alí non pasa aghua ningunha . E hai o tal regho aquel seco, porque non, mira, vai á Presa e mira aquel regho, aquel reghato pero non hai aghua ningunha porque a fixo o tesouro, fixo o tesouro por alí abaixo. Contábao a Isolina que morreu de 95 anos, que o contaban os abuelos que o oían antes.